



GUÍA DIDÁCTICA

Lorena Varela Guzmán
Yolanda Varela Guzmán
Licenzas por formación 2024-2025



ÍNDICE

MUSIC FACTORY 2	
1.MUSIC FACTORY 2	2
2.CARACTERÍSTICAS XERAIS	2
3.ESTRUTURA	3
4.OBXECTIVOS	7
5.COMPETENCIAS	7
6.CONTIDOS	9
7.METODOLOXÍA	15
8.AVALIACIÓN	16
9.ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	17



1. MUSIC FACTORY 2

O proxecto Music Factory 2 estará formado por oito ODE cunha unidade didáctica en cada un deles que englobarán o total da materia de Linguaxe Musical de 2º de Ensinanzas Elementais de Música (2º EE. EE. en diante) empregando a lingua inglesa.

2. CARACTERÍSTICAS XERAIS

As oito unidades de Music Factory2 foron elaboradas coa versión 2.9 do programa de código aberto e gratuito eXeLearning que permite exportar os contidos en arquivos coa extensión .elp (convertindo os materiais en facilmente reutilizables mediante a exportación ou incorporación de páxinas de outros proxectos nos propios) ou SCORM (que permite incorporar os contidos á plataforma Moodle. eXeLearning atópase no listado de programas dos equipos informáticos ABALAR ou EDIXGAL e está dispoñible para GNU/Linux, Microsoft Windows e Apple.

O uso da lingua inglesa débese á necesidade de proporcionar un marco educativo plurilingüe que permita a súa adaptación a unha realidade social establecida dentro dun contexto globalizado onde é indiscutible a proxección internacional do alumnado que realiza estudos de ensino artístico: eventos, concertos, festivais, estadias formativas, etc, nas que non só é importante establecer vínculos por medio da música, senón poder compartir experiencias, entender e dar explicacións e instrucións nun contexto de comunicación fluída.

Se empregarán, como recurso didáctico, cancións populares e tradicionais , xa que son o pilar fundamental de identidade cultural e social, xerando unha atmósfera motivadora no proceso de ensinanza-aprendizaxe. As cancións están creadas partindo dos contidos das unidades, incluíndo formulas rítmicas e melódicas que combinan o uso da palabra e da música. A memoria auditiva facilita a interiorización das mesmas xunto cos contidos curriculares. As cancións escollidas foron arranxadas acorde ao nivel e madurez do alumnado e, ao mesmo tempo que presentan a teoría musical e os elementos rítmicos, auditivos e melódicos, amosan unha visión global da música do mundo, imbricando variedades lingüísticas e melodías de diversos lugares do mundo.

A secuencia de materiais presentados por Music Factory 2 amosa as seguintes características:

- Motivación mediante o emprego presentacións e vídeos feitos con CANVA que amosan unha combinación de cores, letra, Gifs animados e imaxes agradables e atractivas para o alumnado.
- Fomento da creatividade, con apartados de elaboración de partituras, invención e improvisación con percusión corporal, letras, etc. e ó mesmo tempo se traballa o pensamento crítico aplicado tanto ás creacións e traballo propio (por medio da autoavaliación) como ás creacións alleas.



-Adaptabilidade: secuenciación das actividades en diferentes niveis de dificultade crecente, permitindo, deste xeito, atender adecuadamente á diversidade. Os materiais, ademais, poden atoparse en diferentes formatos: imaxes, sons, textos, incluíndo a barra de accesibilidade BatexeGo, que permite modificar a fonte, tamaño de letra e escoitar o contido.

-Interactividade. O alumnado realizará actividades variadas: encher ocos, escolla múltiple, relacionar elementos, verdadeiro ou falso, sopas de letras, vídeos interactivos, emparellar, etc. nas que recibiran retroalimentación instantánea. As actividades poden repetirse cantas veces sexa necesario tanto na aula como fora dela.

3. ESTRUCTURA

As unidades presentan o mesmo formato, que é lóxico e fácil de navegar mediante un menú despregable a esquerda con títulos descritivos: Let's sing, Creative lab, Assessment, etc.




Para facilitar o acceso ao contido de cada unidade, o índice de todo o proxecto e o manual do usuario, pensada para o alumnado, atópanse na páxina de inicio.














A navegación é doada gracias ao menu da esquerda que permite acceder a calquera parte da unidade con facilidade e os botóns na esquina superior e inferior dereita para o acceso ás páxinas seguinte e anterior.




Estas son as diferentes seccións nas que se divide cada unidade.

	DISCOVERING THEORY. Neste apartado preséntase a teoría con vídeos interactivos, vídeos, presentacións ou textos acompañados de son.
	LET'S SING. Práctica da lectura melódica. Hai exercicios de recoñecemento de notas na partitura e de entoación desas notas. Pódense acompañar de instrumentos Orff.
	KEEPING THE BEAT. Exercicios e musicogramas que sirven para interiorizar o ritmo e poñer en práctica a percusión corporal.
	EAR TRAINING. Exercicios de recoñecemento auditivo rítmico e melódico.
	CREATIVE LAB. Creación de partituras, textos, percusión corporal e posta en práctica do pensamento crítico.



	MUSIC AROUND THE WORLD. Arranxos musicais de cancións e melodías do mundo co fin de desenvolver a competencia en Conciencia e Expresións Culturais. En cada trimestre haberá un proxecto a desenvolver.
	LANGUAGE TRAINING. Práctica da lingua inglesa que, de xeito simultáneo, optimiza o repaso da teoría musical. Hai exercicios de escoita e escritura de léxico, definicións, escolla de palabras para completar textos, etc.
	ASSESSMENT. Avaliación do alumnado mediante cuestionario SCORM e diapositivas para que os dicentes reflexionen sobre o seu aprendizaxe e posta en común cos compañeiros/as das súas inquedanzas e dificultades.
	DOCUMENTS. Rúbrica para avaliar a proposta educativa e o desenvolvemento na aula, esta guía didáctica, o manual de uso e o documento coa cita da autoría das imaxes, arranxos, composicións e sons empregados.

Na táboa inferiorse poden visionar algúns exemplos da tipoloxía de exercicios creados para as unidades de MUSIC FACTORY 2

Rosco: Encontrar a palabra que falta para completar un rosco co abecedario.	Clasificar: clasificar tarxetas con imaxes, textos e/ou sons en diferentes categorías creadas previamente.
<p>Music theory revision</p> <p>Observe the letters, identify and fill in the missing words.</p> <p>✓ 0 ✗ 0</p> <p>05:00</p>  <p>Click here to start</p> <p>Write the correct word and click on Reply. If you hesitate, click on Move on.</p>	<p>Classifying simple or compound time signatures</p> <p>Taking into account what you have studied in the theory video, drag the time signature to the correct box.</p> <p># 6 ✓ 0 ✗ 0</p> 
Relacionar: unir con frechas textos, imaxes ou sons.	Arrastrar etiquetas: completar textos ou ocos arrastrando as respostas.



<p>Relate</p> <p>Read the words and find their corresponding definition. Click on the small black dot on the right of the word and drag it till the correct sound file.</p> <p># 5 ✓ 0 ✗ 0 0 0</p> <div> <div>Waiata</div> <div>Te Aroha</div> </div> <div> <div></div> <div></div> </div>	<p>Identifying simple and compound time signatures</p> <p>Listen to the sound files and drag the words <i>Simple</i> or <i>Compound</i> to the corresponding box. There's a metronome sound in the files to help you. Then have a look at the score to check your answer by clicking on the corresponding number.</p> <p># 4 ✓ 0 ✗ 0 0 0</p> <div> <div>Compound</div> <div>Simple</div> </div> <p>1. </p> <p>3. </p>
<p>Selección múltiple: escoller unha opción de entre varias para responder a unha pregunta.</p>	<p>Verdadeiro ou falso: decidir si a información proposta é verdadeira ou falsa.</p>
<p>UNIT 1 QUIZ</p> <p>1. One of the differences between simple and compound time signatures is that ...</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="radio"/> in simple time signatures each beat in a bar is subdivided into three other beats while in compound time signatures it is divided into two. <input type="radio"/> in simple time signatures each beat in a bar is subdivided into two other beats while in compound time signatures it is divided into three. <input type="radio"/> simple compound time signatures have got less notes than compound time signatures. <p>2. This image corresponds to ...</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="radio"/> Simple time signature. <input type="radio"/> Compound time signature. <input type="radio"/> Simple and compound time signature. 	<p>Reading comprehension</p> <p>Let's read again the information about the song <i>Te Aroha</i> and decide if the following sentences are true or false and get ready to justify your answers according to the text.</p> <p>1. There are some Maori words in the text: <i>waiatas</i>= traditional tunes, <i>haka</i>= a dance for especial moments and <i>atua</i>= rugby player.</p> <p><input type="radio"/> True <input type="radio"/> False</p> <p>2. Hakas are especial dances for sport events.</p> <p><input type="radio"/> True <input type="radio"/> False</p>
<p>Completar: completar os ocos dun texto escribindo a letra ou palabra que falta.</p>	<p>Selección multimedia: escoller unha opción de entre varias. As respostas poden ser imaxes ou sons.</p>
<p>Note recognition</p> <p>Listen to the sound files to recognize the notes. To make it easier you will be given the first note of each exercise. Click on the question mark to see the answer.</p> <p>1. 1. </p> <p>1- <input type="text"/> 2- <input type="text"/> 3- <input type="text"/> 4- <input type="text"/> 5- <input type="text"/> 6- <input type="text"/> 7- <input type="text"/> 8- <input type="text"/></p> <p>2. 2. </p> <p>1- <input type="text"/> 2- <input type="text"/> 3- <input type="text"/> 4- <input type="text"/> 5- <input type="text"/> 6- <input type="text"/> 7- <input type="text"/> 8- <input type="text"/></p>	<p>When you finish these three singing exercises, answer the questions below about the score. Once you have chosen the correct option, click on the word "Check". When you have completed all the questions, you'll see the correct answers explained in a new window.</p> <p># 5 ✓ 0 ✗ 0 0 0</p> <p>Check</p> <p>What is the music form of Scarborough Fair?</p> <div> <div>A-A'-B</div> <div>A-B</div> <div>A-A'</div> </div>



4. OBXECTIVOS

- Presentar os contidos e a práctica da materia de Linguaxe Musical de 2º EE. EE. dunha forma atractiva, interactiva, variada e motivadora.
- Proporcionar ao alumnado material dixital, evitando as limitacións físicas e temporais, con contidos de dificultade graduada e sempre accesibles que, ademais, ofrecen unha retroalimentación inmediata.
- Favorecer un estudo activo para poder interpretar correctamente os símbolos gráficos propios da linguaxe musical para afianzar e desenvolver hábitos de estudo que propicien unha interpretación consciente.
- Fomentar no alumnado a participación instrumental en grupo, o canto, o recoñecemento gráfico de obras e fragmentos musicais realizados con diferentes instrumentos e interiorización de estruturas harmónicas básicas.
- Promover o pensamento crítico e a reflexión sobre a propia aprendizaxe como método de mellora.
- Utilizar a disociación motriz e auditiva necesarias para executar ou escoitar con independencia desenvolvementos rítmicos ou melódicos simultáneos.
- Traballar na mellora da comprensión lectora e da expresión oral e instrumental ante o grupo co fin de afianzar a propia seguridade e compartir vivencias musicais.
- Potenciar a memoria musical.
- Traballar na educación en valores mediante o coñecemento e respecto cara a outras culturas e ao traballo dos compañeiros.
- Fomentar o bilingüismo e a interdisciplinabilidade.
- Incrementar as habilidades tecnolóxicas do alumnado.
- Estimular a creación e realizar produtos finais en cada unidade.

5. COMPETENCIAS

As competencias clave son necesarias para que as persoas alcancen o seu máximo desenvolvemento persoal, laboral e socialacadémico. Implica o saber, saber facer e saber ser. As Ensinanzas de Réxime Especial non avalían por competencias como elemento curricular, pero xustifícase a súa presenza polos seguintes motivos:

- O alumnado de 2º EE. EE. cursa simultaneamente Educación Secundaria, na que si se traballa por competencias.
- Os contidos da materia de Linguaxe Musical e da música en xeral contribúen substancialmente ao desenvolvemento competencial.



- O artigo cinco do Real Decreto 1577/2006 reconece a autonomía pedagóxica e organizativa do profesorado.
- A concordancia entre a recomendación do Consello Europeo (2018/C 189/01) e o espírito da LOMLOE inclúeas como competencias clave dende decembro de 2020.

Xustificación competencial coa materia de Linguaxe Musical

Competencia en Comunicación Lingüística: aplicación de vocabulario específico relacionado cos contidos da materia de Linguaxe Musical, ao comprender e aprender a letra das cancións, ao traballar a comprensión lectora, ao describir de forma secuenciada e significativa audicións, análises das pezas, instrumentos, etc.

Competencia Plurilingüe: uso dun vocabulario específico doutros idiomas, como o italiano, presente en termos de expresión musical e diferentes signos da materia; aprender cancións noutros idiomas, intercambiar información e ideas sobre o contido das unidades, etc.

Competencia Matemática e Competencias en Ciencia, Tecnoloxía e Enxeñería: ineludible presenza de números e proporcións na música, tempo, ritmo, forma, métrica, intervállica, harmonía, etc.

Competencia Dixital: utilización de software para traballar partituras e para elaborar traballos, recoñecemento de extensións de arquivos, emprego da mensaxería, acceso á información en rede, etc.

Competencia Persoal, social e de aprender a aprender: adquisición da capacidade de colaborar co grupo de forma construtiva, a de autocoñecerse e desenvolver un hábito de estudo adecuado para favorecer a aprendizaxe autónoma.

Competencia Cidadá: transmisión de valores mediante actividades colaborativas (práctica vocal e de percusión en conxunto, intercambio de opinións) respectando a heteroxeneidade do grupo e a diversidade.

Competencia Emprendedora: realización de actividades de improvisación e creación, promovendo a iniciativa, a creatividade, a autonomía, a autoestima, o sentido crítico e o espírito emprendedor per se.


Competencia en Conciencia e Expresións Culturais: coñecemento da diversidade de épocas, estilos e xéneros da historia da música e as diferentes manifestacións musicais, folclore próximo ou afastado.



6. CONTIDOS

UD 1


- Compases. Liñas divisorias. Liñas adicionais. Figuras musicais. Claves (repaso).
- Compases simples e compases compostos. Iniciación ó compás de 6/8.
- Figuras e formulas rítmicas en división e subdivisión binaria, ternaria e outras dadas.



- Práctica de lectura articulada en clave de sol en 2ª liña, en clave de fa en 4ª liña con ou sen acompañamento a unha e a dúas voces.
- Memorización rítmica e melódica de pezas musicais.
- Aplicación de textos a ritmos.
- Lectura a primeira vista.
- Improvisación guiada melódica, rítmica ou instrumental (instrumental de aula, percusión corporal) dos contidos tratados na unidade.
- Identificación auditiva melódica, rítmica ou melódico-rítmica de fragmentos escritos.
- Recoñecemento auditivo melódico, rítmico ou melódico-rítmico de fragmentos escoitados.
- Discriminación auditiva de aspectos da materia desenvolvendo o oído interno (timbres, estruturas formais, expresividade, tempos, agónica, dinámicas, etc.).
- Sensibilización e práctica de músicas do mundo.
- Adquisición da competencia dixital na aprendizaxe musical e da lingua inglesa.
- Léxico da unidade e repaso dos contidos teóricos na lingua inglesa. Exposicións orais razoadas sobre a teoría da unidade.

UD 2

- Alteracións: propias, accidentais e de precaución.
- Ton e semitón (repaso). Semitón diatónico e semitón cromático.
- Figuras e formulas rítmicas en división e subdivisión binaria, ternaria e outras dadas.





- Práctica de lectura articulada en clave de sol en 2ª liña, en clave de fa en 4ª liña con ou sen acompañamento a unha e a dúas voces.
- Memorización rítmica e melódica de pezas musicais.
- Aplicación de textos a ritmos.
- Lectura a primeira vista.
- Improvisación guiada melódica, rítmica ou instrumental (instrumental de aula, percusión corporal) dos contidos tratados na unidade.
- Identificación auditiva melódica, rítmica ou melódico-rítmica de fragmentos escritos.
- Recoñecemento auditivo melódico, rítmico ou melódico-rítmico de fragmentos escoitados.
- Discriminación auditiva de aspectos da materia desenvolvendo o oído interno (timbres, estruturas formais, expresividade, tempos, agóxica, dinámicas, etc.).
- Sensibilización e práctica de músicas do mundo.
- Adquisición da competencia dixital na aprendizaxe musical e da lingua inglesa.
- Léxico da unidade e repaso dos contidos teóricos na lingua inglesa. Exposicións orais razoadas sobre a teoría da unidade.

UD 3

- Intervalos. Clasificación e construción dos intervalos simples en número e en especie: 2as, 3as, 6as e 7as.
- Compás de 9/8.
- Figuras e formulas rítmicas en división e subdivisión binaria, ternaria e outras dadas.



- Práctica de lectura articulada en clave de sol en 2ª liña, en clave de fa en 4ª liña con ou sen acompañamento a unha e a dúas voces.
- Memorización rítmica e melódica de pezas musicais.
- Aplicación de textos a ritmos.
- Lectura a primeira vista.



- Improvisación e variación guiada melódica, rítmica ou instrumental (instrumental de aula; percusión corporal) dos contidos tratados na unidade.
- Identificación auditiva melódica, rítmica ou melódico-rítmica de fragmentos escritos.
- Recoñecemento auditivo melódico, rítmico ou melódico-rítmico de fragmentos escoitados.
- Discriminación auditiva de aspectos da materia desenvolvendo o oído interno (timbres, estruturas formais, expresividade, tempos, agóxica, dinámicas, etc.).
- Sensibilización e práctica de músicas do mundo.
- Adquisición da competencia dixital na aprendizaxe musical e da lingua inglesa
- Léxico da unidade e repaso dos contidos teóricos na lingua inglesa. Exposicións orais razoadas sobre a teoría da unidade.

UD 4

- Intervalos. Clasificación e construción dos intervalos simples en número e en especia: 4as, 5as e 8as.
- Signos de prolongación: ligadura, puntiño, calderón (ampliación)
- Figuras e formulas rítmicas en división e subdivisión binaria, ternaria e outras dadas.





- Práctica de lectura articulada en clave de sol en 2ª liña, en clave de fa en 4ª liña con ou sen acompañamento a unha e a dúas voces.
- Memorización rítmica e melódica de pezas musicais.
- Aplicación de textos a ritmos.
- Lectura a primeira vista.
- Improvisación guiada melódica, rítmica ou instrumental (instrumental de aula, percusión corporal) dos contidos tratados na unidade.
- Identificación auditiva melódica, rítmica ou melódico-rítmica de fragmentos escritos.
- Recoñecemento auditivo melódico, rítmico ou melódico-rítmico de fragmentos escoitados.
- Discriminación auditiva de aspectos da materia desenvolvendo o oído interno (timbres, estruturas formais, expresividade, tempos, agóxica, dinámicas, etc.).
- Sensibilización e práctica de músicas do mundo.
- Adquisición da competencia dixital na aprendizaxe musical e da lingua inglesa.
- Léxico da unidade e repaso dos contidos teóricos na lingua inglesa. Exposicións orais razoadas sobre a teoría da unidade.



UD 5

- Grupos de valoración especial: tresillo ou tercina e dosillo. Síncope, notas a contratempo e anacruse (repaso e ampliación).
- Enharmonía, unísono, e semitóns (repaso).
- Tempo. Diminutivos e superlativos dos termos de indicación do tempo. Adverbios que acompañan aos termos de indicación do tempo. Táboa de movementos. Termos e abreviacións que modifican o movemento (ampliación).
- Figuras e formulas rítmicas en división e subdivisión binaria, ternaria e outras dadas.



- Práctica de lectura articulada en clave de sol en 2ª liña, en clave de fa en 4ª liña con ou sen acompañamento a unha e a dúas voces.
- Memorización rítmica e melódica de pezas musicais.
- Aplicación de textos a ritmos.
- Lectura a primeira vista.
- Improvisación guiada melódica, rítmica ou instrumental (instrumental de aula, percusión corporal) dos contidos tratados na unidade.
- Identificación auditiva melódica, rítmica ou melódico-rítmica de fragmentos escritos.
- Recoñecemento auditivo melódico, rítmico ou melódico-rítmico de fragmentos escoitados.
- Discriminación auditiva de aspectos da materia desenvolvendo o oído interno (timbres, estruturas formais, expresividade, tempos, agónica, dinámicas, etc.).
- Sensibilización e práctica de músicas do mundo.
- Adquisición da competencia dixital na aprendizaxe musical e da lingua inglesa.
- Léxico da unidade e repaso dos contidos teóricos na lingua inglesa. Exposicións orais razoadas sobre a teoría da unidade.

UD 6

- Equivalencias.
- Matices dinámicos: *tf*, *fp*, *pf*, *sfz*, *ninf.*, *marc.* Carácter. Repaso das cualidades do son.
- Signos de repetición: barra de repetición, 1ª e 2ª vez, Da Capo, Parágrafo.
- Figuras e formulas rítmicas en división e subdivisión binaria, ternaria e outras dadas.






- Práctica de lectura articulada en clave de sol en 2ª liña, en clave de fa en 4ª liña con ou sen acompañamento a unha e a dúas voces.
- Memorización rítmica e melódica de pezas musicais.
- Aplicación de textos a ritmos.
- Lectura a primeira vista.
- Improvisación guiada melódica, rítmica ou instrumental (instrumental de aula, percusión corporal) dos contidos tratados na unidade.
- Identificación auditiva melódica, rítmica ou melódico-rítmica de fragmentos escritos.
- Recoñecemento auditivo melódico, rítmico ou melódico-rítmico de fragmentos escoitados.
- Discriminación auditiva de aspectos da materia desenvolvendo o oído interno (timbres, estruturas formais, expresividade, tempos, agónica, dinámicas, etc.).
- Sensibilización e práctica de músicas do mundo.
- Adquisición da competencia dixital na aprendizaxe musical e da lingua inglesa.
- Léxico da unidade e repaso dos contidos teóricos na lingua inglesa. Exposicións orais razoadas sobre a teoría da unidade.

UD 7

- Escalas. Tonalidade e Modalidade. Graos tonais e modais. Acordes maiores e menores (ampliación).
- Signos de articulación e acentuación.
- Compás de 3/8.
- Figuras e formulas rítmicas en división e subdivisión binaria, ternaria e outras dadas.



- Práctica de lectura articulada en clave de sol en 2ª liña, en clave de fa en 4ª liña con ou sen acompañamento a unha e a dúas voces.
- Memorización rítmica e melódica de pezas musicais.
- Aplicación de textos a ritmos.
- Lectura a primeira vista.
- Improvisación guiada melódica, rítmica ou instrumental (instrumental de aula, percusión corporal) dos contidos tratados na unidade.



- Identificación auditiva melódica, rítmica ou melódico-rítmica de fragmentos escritos.
- Recoñecemento auditivo melódico, rítmico ou melódico-rítmico de fragmentos escoitados.
- Discriminación auditiva de aspectos da materia desenvolvendo o oído interno (timbres, estruturas formais, expresividade, tempos, agóxica, dinámicas, etc.).
- Sensibilización e práctica de músicas do mundo.
- Adquisición da competencia dixital na aprendizaxe musical e da lingua inglesa.
- Léxico da unidade e repaso dos contidos teóricos na lingua inglesa. Exposicións orais razoadas sobre a teoría da unidade.

UD 8

- Armadura: orde dos sostidos e dos bemois.
- Iniciación á clave de do en 3ª liña.
- Figuras e formulas rítmicas en división e subdivisión binaria, ternaria e outras dadas.



- Práctica de lectura articulada en clave de sol en 2ª liña, en clave de fa en 4ª liña con ou sen acompañamento a unha e a dúas voces.
- Memorización rítmica e melódica de pezas musicais.
- Aplicación de textos a ritmos.
- Lectura a primeira vista.
- Improvisación guiada melódica, rítmica ou instrumental (instrumental de aula, percusión corporal) dos contidos tratados na unidade.
- Identificación auditiva melódica, rítmica ou melódico-rítmica de fragmentos escritos.
- Recoñecemento auditivo melódico, rítmico ou melódico-rítmico de fragmentos escoitados.
- Discriminación auditiva de aspectos da materia desenvolvendo o oído interno (timbres, estruturas formais, expresividade, tempos, agóxica, dinámicas, etc.).
- Sensibilización e práctica de músicas do mundo.
- Adquisición da competencia dixital na aprendizaxe musical e da lingua inglesa.
- Léxico da unidade e repaso dos contidos teóricos na lingua inglesa. Exposicións orais razoadas sobre a teoría da unidade.



7. METODOLOXÍA

Os principios metodolóxicos que rexen o funcionamento desta secuencia de ODE son os seguintes:

- Potenciar unha metodoloxía activa, posto que os contidos adquiridos póñense en práctica inmediatamente, ben individualmente, en pequeno grupo ou con toda a clase. A experimentación dos sucesos sonoros fai posible a posterior conceptualización e abstracción dos contidos teóricos e teórico-prácticos.

- Favorecer unha metodoloxía flexíbel que se adapte ao ritmo de aprendizaxe do alumnado e que propicie a progresiva adquisición de autonomía no estudio e na creación de materiais.

- Unha metodoloxía construtiva, é dicir, os contidos explicados e aprendidos constitúen a base para a comprensión e adquisición de novos elementos de orde superior.

- Fomentar a creatividade mediante a elaboración de composicións musicais propias (partituras, percusión corporal, pezas instrumentais, presentacións, etc. que empreguen os elementos do currículo.

- Crear un plan de estudio individual e de traballo grupal e colaborativo. O estudio individual é a base para unha correcta participación nas producións grupais. A posta en común das dificultades atopadas mediante o instrumento de auto avaliación, que emprega a reflexión e posterior posta en común na aula co propósito de resolvelas dentro do grupo, implica ao alumnado nun sistema colaborativo de aprendizaxe.

- Desenvolver unha metodoloxía que potencie o aprendizaxe integrador que permita ao alumnado coñecer a vida de compositores e compositoras, as relacións entre manifestacións artísticas, os diferentes elementos das obras musicais e o seu contexto social e histórico, etc. que permita relacionar o contido do ensino de linguaxe musical cos currículos de outras materias.

- Promover unha metodoloxía motivadora que propicie a aprendizaxe dinámica e cooperativa nun ambiente de respecto e confianza.

Os oito ODE que compoñen este proxecto presentan a mesma estrutura: presentación de teoría, práctica melódica, práctica rítmica, adestramento auditivo, improvisación/creación, músicas do mundo e práctica na lingua estranxeira pero é simplemente un sistema de organización que facilita a localización dos elementos. Co fin de que a metodoloxía sexa variada, pódese seguir a orde establecida, comezar pola lectura melódica ou polo traballo rítmico e dende aí descubrir a teoría, traballar como nunha flipped classroom, etc.

No eixe do uso da lingua inglesa, trátase de que o alumnado se familiarice e, posteriormente, interiorice as estruturas e léxico necesario para comunicar con fluidez e confianza, comezando as actividades polas máis repetitivas e rematando polas máis creativas. Traballaranse as catro destrezas: escoitar, ler, escribir e falar ao mesmo tempo que se traballa coa teoría e cos aspectos culturais desenvoltos nas unidades.



8. AVALIACIÓN

1. Criterios de avaliación do alumnado

a) Xerais:

- Amosar a capacidade de aprendizaxe individual asegurando a transferencia que permita desenvolver unha autonomía para apreciar o rendemento do propio alumnado.

b) Rítmica-lectura:

- Imitar estruturas rítmicas e melódicas extraídas das pezas das unidades para comprobar a memoria e a capacidade de reprodución sonora e motriz.
- Executar, a través da percusión corporal ou instrumental, estruturas das pezas en distintas dificultades.
- Ler de forma entoada fragmentos melódico-rítmicos para comprobar o nivel de asimilación de contidos.

c) Entoación:

- Imitar estruturas melódicas coa voz para comprobar a fidelidade da mensaxe recibida e a memoria.
- Entoar melodías con ou sen acompañamento instrumental para comprobar o grao de interiorización dos sons e xusteza de afinación.
- Reproducir a intervállica dun fragmento melódico.

d) Audición:

- Recoñecer auditivamente o pulso, ritmo, acento, división e subdivisión.
- Manter o pulso en períodos de silencio ou en fragmentos completos para comprobar a súa interiorización en cancións memorizadas previamente.
- Reproducir por escrito fragmentos rítmicos ou melódicos escoitados empregando os contidos traballados.

e) Teoría:

- Coñecer e identificar os elementos básicos da materia para a súa correcta aplicación.

f) Improvisación/ creación:

- Crear estruturas rítmicas ou melódicas sobre un fragmento escoitado con ou sen proposta previa.
- Valorar a capacidade creativa e o desenvolvemento de recursos estudados.

g) Uso da lingua estranxeira:

- Coñecer, memorizar e empregar o léxico na lingua inglesa de forma axeitada.



- Comunicarse con fluidez e certo grado de corrección na lingua estranxeira.

A avaliación levarase a cabo mediante os seguintes instrumentos:

- a) Avaliación dos contidos adquiridos polo alumnado mediante un cuestionario SCORM en cada ODE.
- b) Avaliación do grado de desempeño na realización das tarefas mediante unha rúbrica onde se inclúe tamén o criterio de avaliación correspondente e o indicador de logro.
- c) Avaliación do proceso de aprendizaxe mediante reflexión persoal e posterior posta en común co resto do alumnado e profesorado.

2. Avaliación da proposta educativa

Para a avaliación da proposta educativa haberá unha rúbrica na sección *Documents* onde se avaliarán os seguintes elementos: cumprimento de obxectivos e contidos programados, idoneidade da metodoloxía e da secuenciación de actividades, utilidade das actividades en relación cos obxectivos, emprego de actividades para atender ao alumnado con necesidades especiais, axeitado fomento da creatividade, idoneidade dos contidos lingüísticos e do programa que serve de soporte ás unidades, coñecemento da rúbrica por parte do alumnado.

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Seguindo as recomendacións DUA, este proxecto amosa, non só múltiples medios de presentación dos contidos, vídeo, texto, son, senón tamén medios variados de expresión, tanto na tipoloxía de actividades como no uso de elementos como a voz, partes do corpo, instrumentos, etc. Ademais, conta cunha barra de accesibilidade para mellorar o acercamento do alumnado con necesidades ás actividades.

A variedade de instrumentos Orff dentro da aula facilita o acceso do alumnado a aqueles que mellor se adaptan as súas capacidades e necesidades e o mesmo ocorre coas actividades de cada apartado, que ofrecen unha gradación no nivel de exixencia, comezando por aquelas de nivel máis sinxelo e aumentando a súa complexidade. Isto permite ao profesorado elixir o nivel de comezo ou remate da práctica.

A práctica musical en grupo axuda a disolver o foco de atención nunha soa persoa e, polo tanto, minimízase o estrés e o medo á actuación ante o público. Do mesmo xeito, favorece o sentimento de integración no grupo, de cooperación para acadar os obxectivos e evita o illamento.

O uso das unidades dixitais permite ao alumnado acceder repetidamente aos contidos e repasar e refacer actividades tantas veces coma sexa necesario para acadar uns resultados óptimos.